

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **15 de febreiro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a Ana María Villarino Pardo DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. Vicente Gómez García D. Adolfo González Novoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 18 de xaneiro de 2017 , ás 17:30 horas, baixo a presidencia de dona Ana María Villarino Pardo e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
--	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE XANEIRO 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xaneiro de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á RECUPERACIÓN DAS MARXES DO RÍO LOÑA E DO RÍO MIÑO NO ENTORNO DE OURENSE COMO PASEO FLUVIAL.-

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da moción.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación impulse o acondicionamento dos paseos fluviais no Loña e no Miño, tal e como foron descritos na exposición de motivos, achegando os fondos necesarios e medios materiais e humanos precisos aos concellos involucrados.

2º.- Do mesmo xeito, solicitar da Deputación apoio activo mediante labores de asesoramento normativo, técnico e de coordinación entre os mencionados concellos, a Confederación Hidrográfica e outras entidades públicas ou privadas que tamén poidan verse involucradas.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, pregunta sobre a execución do Plan Termal en relación co cal se lles informou de que estaba executado a un 54%, e concretamente pide que se amplíe esa información dado que xa concluíu o exercicio 2017, e que se detallen exhaustivamente as actuacións executadas a través do dito plan.

A **presidenta da comisión** dá lectura a un informe de avaliación do grao de cumprimento do plan.

D.ª Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, agradece a información facilitada, pero di que é unha simple descrición xenérica de obxectivos e que o que ela solicita é unha información detallada dos gastos realizados, desagregada por conceptos e contía.

A **presidenta da comisión** di que se o desexa se lle pode facilitar o acceso ao expediente.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, pide que se lle facilite o resumo detallado das actuacións.

E, ás 18.08 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.